



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

O 4 de febreiro de 2026, ás 19:30 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES:

Presidente
José Manuel Mato Martínez

Concelleiras/os

Partido Popular (PP)
Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
José Luis Pena Romay

PSdeG-PSOE
Xosé Lois García Carballido
María Noelia Varela Suárez
Consuelo Martínez Lema
José Manuel Nuñel Costa

Partido Galego (PG)
Juan Ramón Vidal Torrado (auséntase ás 20:45 h)
Raquel Fondo Pérez

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Fátima Ángeles Rodríguez González

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)
Roberto Alexandre Andrade de Santiago

APIN-ESCO
José Manuel Pose Verdes

Secretario en acumulación: Francisco Javier Novoa Juiz
Interventora en acumulación: María Emilia García Maneiro

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90,1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

O Concello Pleno garda un minuto de silencio polas vítimas do accidente ferroviario de Adamuz.

1 Parte resolutiva



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

1.1 Aprobación da acta da sesión do 15 de decembro de 2025

O presidente pregunta se algunha/algún membro do Pleno quere formular algunha observación, de conformidade co artigo 91,1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non hai observacións

As/os membros do Pleno que están presentes aproban por unanimidade a acta do 15 de decembro de 2025.

1.2 Expediente 2025/A008/0000040.Aprobación do ditame da proposta da alcaldía para o Pleno de aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos)

O secretario en acumulación dá conta do contido da proposta redactada para o efecto.

"PROPOSTA DE ACORDO

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA O PLENO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+ 2026>>

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<POS+2026>>, que se destina ós 93 concellos da provincia. As Bases conteñen a regulación do POS+2026 para o financiamento de gasto corrente ou de investimentos, do POS+Adicional 1/2026 para gastos sociais e do POS+Adicional 3/2026 para a redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans provinciais ou para gasto corrente, así como unha previsión de regulación dun posible POS+Adicional 2/2026 para o caso de que a deputación acorde realizar unha maior achega provincial a través deste Plan.

Ó Concello de Ponteceso correspóndenlle 715.044,03 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:

- Achega provincial 2026: 347.006,66 €

- Achega provincial 2025: 368.037,37 €

Neste POS+ 2026 o concello pode destinar ó financiamento dos seus gastos correntes, tanto a achega provincial 2026 como a achega provincial 2025.

O importe mínimo do Plan Complementario que os concellos teñen que presentar no POS+ 2026 é do 25% da achega provincial 2026, polo que se incluíu este investimento:

1) Melloras nos camiños municipais na parroquia de Tella, cun orzamento de contrata de 133.142,25 € (ive incluído).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Constan no expediente a seguinte documentación sobre o Gasto Corrente e sobre o investimento do Plan Complementario:

- a) Anexo III- Informe, redactado pola interventora en réxime de acumulación, do gasto corrente e asinado o 20/01/2026.
- b) Anexo V-Informe técnico redactado polo arquitecto técnico municipal e asinado o 26/01/2025.
- c) Resolución da Alcaldía número 39/2026, do 26 de xaneiro, de non dividir en lotes.
- d) Anexo VI-Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado polo secretario en réxime de acumulación o 26/01/2026.
- e) Anexo VII-Memoria Económica asinada polo alcalde o 26/01/2026.
- f) Anexo VIII-Informe redactado pola interventora en réxime de acumulación e asinado o 26/01/2026.
- g) Memoria do Plan asinada polo alcalde o 26/01/2026.

Visto que prazo de solicitude do POS + 2026 remata o 06/02/2026 ás 15:00 horas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) «POS+ 2026» da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á «achega provincial 2026» e con cargo á «achega provincial 2025»:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	347.006,66 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	368.037,37 €
Subtotal gasto corrente	715.044,03 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Subtotal investimentos achega provincial 2026	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
---	-----	-----	-----	-----	-----

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	347.006,66 €				347.006,66 €
	Achega 2025	368.037,37 €				368.037,37 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
	Achega 2025	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
C- TOTAL	Achega 2026	347.006,66 €	0 €	0 €	0 €	347.006,66 €
	Achega 2025	368.037,37 €	0 €	0 €	0 €	368.037,37 €
	TOTAL	715.044,03 €	0 €	0 €	0 €	715.044,03 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos	(A)	(B)	(C) = A-B
--------------------------------	-----	-----	-----------



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	Orzamento de contrata	IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	Orzamento subvencionab le (Diferenza entre a columna A e a B)
Melloras nos camiños municipais na parroquia de Tella	133.142,25 €	--	133.142,25 €
TOTAIS	133.142,25 €	--	133.142,25 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital: 2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditamiou a favor na sesión do 30 de xaneiro de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

do PG e 1 de AxP), unha abstención do BNG e un voto en contra de APIN-ESCO)

1.3 Expediente 2026/X998/000007. Aprobación do ditame da proposta de cambio de uso do Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes (SLEL-08-01 (Pb)) a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural

O secretario en acumulación dá conta da proposta da alcaldía redactada para o efecto.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación de uso dotacional público

1 O técnico municipal informou favorable o cambio de uso dotacional público da parcela de titularidade municipal coa referencia catastral 15069C502005000000BR para destinalo a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural, coa finalidade de executar as obras de modernización dun edificio destinado a Centro de Interpretación do Medio Agropecuario en Languerón, incluídas na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 4/2025 da Deputación Provincial da Coruña. O informe é o seguinte:

"Servizo de Urbanismo do Concello de Ponteceso

Ernesto Fernando Calvo Pérez, Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais do Concello de Ponteceso, A Coruña, en relación con

REFERENCIA:	2026/X998/000007.
ASUNTO:	Informe Urbanístico. Cambio de uso dotacional público ao abeiro do artigo 42.5 da Lei do solo de Galicia.
PROMOTOR:	Concello de Ponteceso. CIF: P1506900H.
LOCALIZACIÓN:	Lugar de Os Melcos, Languerón, Ponteceso. A Coruña, CP: 15.110. Ref. Catastral: 15069C502005000000BR.

INFORMA

O presente informe ten por obxecto xustificar urbanisticamente o cambio de uso dotacional público do Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes, situado ao nordés da parcela con referencia catastral: 15069C502005000000BR, para destinalo a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural, coa finalidade de executar as obras de modernización dun edificio destinado a Centro de Interpretación do Medio Agropecuario.

*Os terreos necesarios para a execución do investimento **sítuáanse integramente sobre unha parcela de titularidade municipal.** Código do Ben inmovible municipal que consta no inventario: 1INM06800041 / Area Recreativa en Melcos - Languerón (San Xán). Ref. Catastrais: 15069C502005000000BR.*

Sobre a Clasificación Urbanística:




CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)


Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O planeamento vixente no Concello de Ponteceso é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP nº 99, do xoves, 28 de maio de 2015 (en diante PXOM). Aprobado o 6 de maio de 2015. Sendo o Autor: D. Ángel Luis Monteoliva Díaz do Equipo: MONTEOLIVA ARQUITECTURA SLP.

*Segundo o plano EX-12 da Estrutura Xeral e Orgánica do Territorio e o plano OD-IV-N13, de Ordenación Detallada dos Núcleos Rurais de Ponteceso, do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do xoves, 28 de maio de 2015 (en diante PXOM), a parcela en cuestión atópase parcialmente ao nordés no **Sistema Local de espazos libres e zonas verdes (SLEL-08-01 (Pb))** e parcialmente ao suroeste no **Sistema Local de Equipamento Deportivo (SLEdp-08-01 (Pb))**, situados integramente ámbolos dous no **SOLO RÚSTICO DE PROTECCION AGROPECUARIA**.*



Parcela sobre a cartografía do catastro e do PBA^(x)




Parcela sobre o plano EX-12 do PXOM



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15



Parcela sobre o plano OD-IV-N13 do PXOM

DESLINDE DO D.P.M.T.	SIMBOLOXÍA	ORDENANZAS	USOS	PATRIMONIO
..... SERVIDUME DE PROTECCIÓN	— ALIÑACIÓN	SU-1 RUEIRO COMPACTO	RESIDENCIAL	ARQUEOLÓXICO
..... ZONA DE INFLUENCIA	- - - LIÑA DE FONDO OU RECUAMENTO	SU-2 RUEIRO CON PATIO	SU/Suble	ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL
- - - D.P.M.T.	 LIÑA DE SOPORTAL OU PASO EN PLANTA BAIXA	SU-3 EDIFICACIÓN AGRUPADA	SNRC	CONTORNO DE PROTECCIÓN
..... LIÑA DE RIBEIRA	- - - LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN	SU-4 VIVENDA UNIFAMILIAR	SNRH	GA 15093XXX CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUEOLÓXICO
	- - - CAMBIO DE ORDENANZA OU ALTURA	SU-5 ESTACIÓN DE SERVIZO	TERCIARIO	X COORDENADA U.T.M.
	D.1 DISTRITO NÚMERO	NRH NÚCLEO RURAL HISTÓRICO	SU/Suble	ARQUITECTÓNICO / ETNOGRÁFICO / NATURAL
	IV ALTURA MÁXIMA	NRC NÚCLEO RURAL COMÚN		 / ● DELIMITACIÓN DO BEN / ELEMENTO PUNTUAL
	(P) APARCAMENTO			 CONTORNO DE PROTECCIÓN
	(L) ÁREA LIBRE DE EDIFICACIÓN			⊕ CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO

CLASIFICACIÓN DO SOLO

SU	SOLO URBANO
S-UBLE-D	SOLO URBANIZABLE DELIMITADO
S-UBLE-ND	SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO
SNRH	SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL
SNRC	SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN
SRPA	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
SRPF	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL OU DE MONTE
SRPN	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS
SRPC	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO
SRPD	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURA
SRPE	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS
SRPG	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AGUAS
SRPO	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA
SRPP	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DA PAISAXE

AFECCIÓNIS

----- ESTRADAS
----- LIÑA AÉREA DE ALTA TENSIÓN
----- ZONA DE POLICÍA DE CAUCES
----- AFECCIÓN DE CEMITERIOS
----- PROTECCIÓN DE VISTAS
COSTAS
..... SERVIDUME DE PROTECCIÓN
..... ZONA DE INFLUENCIA
- - - D.P.M.T.
..... LIÑA DE RIBEIRA

SISTEMAS XERAIS

SXS	SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS
SXIP	SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURA PORTUARIA
SXEL	SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES
SXEL	SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS
dp	deportivo
re	relixioso
ed	educativo
sc	socio-cultural
(Pb)	TITULARIDADE PÚBLICA
(Pv)	TITULARIDADE PRIVADA
-----	REDE DE ALTA TENSIÓN 15-20 Kv
-----	REDE DE ALTA TENSIÓN >20 Kv
△	CENTRAL HIDROELÉCTRICA
-----	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA
-----	REDE DE SANEAMENTO
-----	REDE VIARIA
● ● ●	REDE DE MOBILIDADE SOSTIBLE



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Pódese consultar toda a información da cartografía do PXOM e da normativa na páxina web do concello: <http://www.ponteceso.net/PXOM/pxom.html>.

Marco normativo aplicable:

O presente informe fundamenta a súa xustificación no **artigo 42 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**, no seu **texto consolidado de xaneiro de 2026**, modificado polo **artigo 61 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas**, en vigor desde o **1 de xaneiro de 2026**.

En particular, resulta de aplicación o artigo 42.5, que establece:

“O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para calquera tipo de dotación pública por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública.
En todo caso, deberá garantirase o cumprimento dos estándares establecidos nos números 1 e 2.”

Así mesmo, o citado precepto dispón que:

“Terán tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicas aqueles que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición.”

Xustificación urbanística do cambio de uso:

O cambio de uso proposto non implica a perda do carácter dotacional nin a privatización do solo, **mantendo en todo momento a súa titularidade pública** e o seu destino a **uso dotacional público**, en coherencia co disposto no artigo 42.5 da LSG.

A implantación dun **Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural**, destinado a **Centro de Interpretación do Medio Agropecuario**, responde a un **interese público acreditado**, contribuíndo á:

1. posta en valor do medio rural e do patrimonio agropecuario,
2. promoción da divulgación cultural e educativa,
3. dinamización social e cultural da contorna,
4. mellora da calidade de vida e da cohesión social da poboación,

en consonancia cos principios recollidos no **artigo 42 da LSG**.

O cambio de uso proposto non compromete o cumprimento dos estándares mínimos de espazos libres e zonas verdes establecidos pola normativa urbanística vixente, ao tratarse dun ámbito concreto e delimitado e manter o Concello dotacións suficientes de espazos libres públicos no seu ámbito territorial. O novo uso continúa tendo a consideración de **dotación pública**, garantindo a funcionalidade colectiva do solo e o equilibrio dotacional do núcleo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Conclusión:

Á vista do exposto, infórmase favorablemente o cambio de uso do Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes (SLEL-08-01 (Pb)) a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei do solo de Galicia, sen necesidade de modificación do planeamento urbanístico, debendo o acordo ser adoptado polo Pleno da Corporación por maioría absoluta.

Para que así conste, asino o presente informe en Ponteceso, a 26 de xaneiro de 2025. "

2 Consta no expediente a providencia da Alcaldía do 26.01.2026

3 O secretario en acumulación asinou o seguinte informe preceptivo o 27.01.2026:

"INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE USO DOTACIONAL PÚBLICO.

EXPTE: 2026/X998/000007.

REF. CATASTRAL: 15069C502005000000BR.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/85 de 2 de abril (LBRL).
- Ley 2/2016 de 10 de febrero (LSG).
- Decreto 143/2016 de 22 de setembro (RLSG).
- Real Decreto Lexislativo 7/2015 de 30 de outubro (TRLS).
- Decreto de 17 de junio de 1955 (RSCL).
- Lei 9/2013 de 19 de decembro (LECEG).
- Decreto 144/2016 de 22 de setembro.
- Decreto 20/2011 de 10 de febreiro.
- Decreto 66/2016 de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento de Estradas de Galicia.
- Lei 4/2015 de 17 de xuño (LCP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro (LPACAP).
- Lei 5/2016 de 4 de maio (LPCG).
- Lei 1/2019 de 22 de abril (LRRRG).
- Real Decreto Lexislativo 7/2015 de 30 de outubro (TRLS2015).
- Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo (TRLCI).
- Lei 33/2003 de 3 de novembro (LPAP).
- Real Decreto 1372/86 de 13 de xuño (RBEL)
 - Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril -TRRL-.

Emítase o presente informe por ser preceptivo, en cumprimento das funcións reservadas de asesoramiento legal preceptivo previstas no art. 92.bis de la LBRL; 3.3.c) del RD 128/2018 de 16 de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

marzo; 54 del TRRL y 173 del ROF entre outros.

Antecedentes de feito relevantes para a emisión do presente informe:

- Informe do técnico municipal, no que se plantexa a modificación do uso dotacional público de Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes, ao nordés da parcela referida, a un uso de Sistema Local de Equipamento Educativa e Sociocultural coa finalidade de executar as obras de modernización dun edificio destinado a Centro de Interpretación do Medio Agropecuario.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN SINGULAR. Plantéxase a modificación do uso dotacional público dunha parcela municipal clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, a outro uso dotacional público, decisión de carácter discrecional por razóns de interese público, pero suxeita os parámetros edificatorios e de reserva de chan previstos no artigo 41 da LSG e correlativo do seu regulamento.

Dita parcela, atópase correctamente inventariada no inventario de bens inmobles conforme á obriga prevista no artigo 86 do TRRL; 17 e ss. do RBEL e o artigo 32.1.2 da LPAP de carácter básico coa referencia 1INM06800041/área recreativa en Melcos- Langueirón (San Xián)

De feito, esta modificación do planeamento, ten un carácter singular, no seo das competencias municipais en materia de planeamento atribuídas ós concellos polo artigo 12.1 da norma autonómica urbanística, xa que logo, non precisa de complexos trámites ó uso das modificacións ordinarias sexan estas sustanciais ou non, segundo dispón o Capítulo VIII do Título I da LSG.

Estamos ante un reflexo da autonomía local en materia de planeamento urbanístico, permitindo o artigo 42.5 da LSG¹ e de xeito similar o artigo 65.7 do RLSC, o cambio de uso dotacional público sen máis trámite que o de aprobación polo Pleno da corporación por maioría absoluta do número legal de membros (7 no noso caso), pois non olvidemos que estamos a alterar unha disposición de carácter xeral, sendo a competencia regulamentaria exclusiva do Pleno municipal.

VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR: A exclusión expresa destes preceptos do procedemento en materia de modificación de planeamento, non é óbice para non cumprir coa normativa en materia de vixencia, entrada en vigor e publicidade, debendo publicar o acordo modificativo, no BOP, DOG, e no Rexistro de Planeamiento urbanístico de Galicia conforme ó artigo 82.4 da LSG e 199.4 do seu

¹ El ayuntamiento en pleno, por mayoría absoluta y sin necesidad de seguir el procedimiento de modificación del plan, podrá acordar el cambio de uso de los terrenos reservados para equipos o dotaciones públicas por otro uso dotacional público distinto, siempre que se mantenga la titularidad pública o se destine a incrementar las zonas verdes y los espacios libres públicos. En todo caso, deberá garantizarse el cumplimiento de los estándares recogidos en los números 1 y 2 del artículo 42.

A efectos de lo dispuesto en este número, se entenderá que tienen también la condición de equipos o dotaciones públicas los que sean de titularidad pública, aunque no figuren en el planeamiento urbanístico con tal condición.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

regulamento.

A orde de publicación e remisión comenzará coa publicación no DOGA de anuncio do presente acordo, posterior traslado rexistro autonómico, e unha vez certificada a inscrición, publicación íntegra no BOP da Coruña.

Asímesmo, e aplicando un canon hermeneútico de interpretación teleolóxica e sistemáticas das normas, a entrada en vigor producirase ós 15 días hábiles da íntegra publicación da modificación no BOP, á vista do artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 ambos dous da LBRL.

Dacordo ó artigo 70.ter.2 da LBRL, deberá publicarse telemáticamente na sede electrónica deste concello, a modificación producida no planeamento municipal aprobado o 6 de maio de 2015 (BOP 99 de 2015).

SEGUNDO.- ÓRGANO COMPETENTE:

Sendo a norma de rango de lei a que atribúe expresamente esta competencia ó Pleno da corporación, cúmprese coa prescrición esixida polo artigo 7.1 da LBRL en relación co carácter da norma atributiva e o artigo 2.2 desta norma.

Estamos ante unha materia non susceptible de delegación, sendo o quorum esixible para a súa aprobación o da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, neste caso, 7.

CONCLUSIÓN:

Informase favorablemente a modificación plantexada, que cumpre cos requisitos previstos na LSG, propoñendo ó Pleno da corporación o seguinte acordo que será previamente dictaminado pola comisión informativa correspondente pola área de afección:

“PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do uso dotacional público da parcela municipal sita en solo rústico de protección agropecuaria coa seguinte referencia catastral 15069C502005000000BR, en lugar de Os Melcos, Langueirón, de uso do Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes (SLEL-08-01 (Pb)) a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural.

Alterar con este fin, o réxime de usos do Plano OD-IV-N13 do PXOM de Ponteceso.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no DOGA e remitir referencia do anuncio publicado ó Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia ós efectos oportunos, e unha vez inscrita a alteración, publicala íntegramente no BOP de Coruña.

TERCEIRO.- O que se fai público para a súa executividade, comunicando que contra o citado acordo, que pon fin á vía administrativa, quen se considere lexitimado poderá interpoñer directamente



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

recurso contencioso-administrativo, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de instancia de Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, consonte o establecido nos artigos 10.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito."

A 27 de xaneiro de 2026, documento suscrito dixitalmente."

Polo anterior, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do uso dotacional público da parcela municipal sita en solo rústico de protección agropecuaria coa seguinte referencia catastral **15069C502005000000BR, en lugar de Os Melcos, Langueirón, de uso do Sistema Local de Espazos Libres e Zonas Verdes (SLEL-08-01 (Pb)) a un Sistema Local de Equipamento Educativo e Sociocultural.**

Alterar con este fin, o réxime de usos do Plano OD-IV-N13 do PXOM de Ponteceso.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no DOGA e remitir referencia do anuncio publicado ó Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia ós efectos oportunos, e unha vez inscrita a alteración, publicala íntegramente no BOP de Coruña.

TERCEIRO.- O que se fai público para a súa executividade, comunicando que contra o citado acordo, que pon fin á vía administrativa, quen se considere lexitimado poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de instancia de Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, consonte o establecido nos artigos 10.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 30 de xaneiro de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por unanimidade de votos a favor (13: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2 Parte de control e fiscalización

2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 976/2025, do 10 de decembro, ata a núm. 56/2026, do 30 de xaneiro

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 976/2025, do 10 de decembro, ata a núm. 56/2026, do 30 de xaneiro.

2.2 Mocións de urxencia

2.2.1 Moción que presenta o Grupo Municipal Popular relativa á declaración do Festiletras como festa de interese turístico de Galicia.

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Asunto: Declaración do Festiletras como festa de interese turístico de Galicia

O voceiro do Partido Popular (PP) presenta a seguinte moción ao abeiro do artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

José María Varela Martínez, presidente da Fundación Eduardo Pondal solicitou o 12 de xaneiro de 2026 (núm. de rexistro de entrada 20260000000029) que o Pleno do Concello acordase solicitar a declaración de Festa de interese turístico de Galicia. Coa solicitude presentou a documentación que xustifica que o Festiletras cumpre os requisitos para solicitar a declaración.

O artigo 93.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, establece que a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia (DOG nº 12 do 20 de xaneiro de 2015) regula os requisitos e os efectos da declaración de festas de interese turístico de Galicia, así como o procedemento, vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia. O artigo 3 establece que a declaración se efectuará en función do cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorárase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

O interese turístico do Festiletras queda recoñecido pola súa importancia social e cultural ata o punto de que identifica un lugar determinado da xeografía de Galicia. Ademais, en cada edición hai novas propostas culturais que son unha porta aberta á orixinalidade e diversidade, de tal forma que se converten nun estímulo e nunha oportunidade para a xente nova. O Festiletras axuda a manter viva e dinámica a aldea do Couto e constitúe xa unha extraordinaria manifestación do patrimonio cultural e turístico tanto do concello de Ponteceso como de Galicia.

Polo anterior, propoñemos que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:

1 Solicitalle á Axencia de Turismo de Galicia a declaración do Festiletras como Festa de interese turístico de Galicia.

2 Facultar o alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para cumprir este acordo."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSOE, 2 do PG e 1 de AxP), 1 abstención do BNG e 1 voto en contra de APIN-ESCO.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital: 2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2.2.2 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á posta en marcha dunha campaña urxente de vivenda protexida polo Concello de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta da moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á posta en marcha dunha campaña urxente de vivenda protexida polo Concello de Ponteceso

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falla dunha política activa en favor da vivenda protexida e do aumento de demandantes en Ponteceso agrava aínda máis a galopante decadencia do Concello de Ponteceso dende que o actual equipo de goberno está á fronte da xestión municipal: abandóuse a promoción do polígono, carecemos dunha política de promoción turística sendo dos poucos concellos ausentes de Fitur, abandóuse a promoción do parque empresarial de Tella e non se loita pola ampliación, estanse perdendo todos os días actividades e o Goberno local amosa unha complacencia total mentras se desmantelan os servizos.

Para a fixación de poboación e a promoción do emprego de calidade é esencial atraer habitantes xóvenes, profesionais e familias en idade laboral. Para iso é clave unha política activa de vivenda. Cómpren iniciativas para a rehabilitación do patrimonio público en desuso: vivendas dos mestres, antigas unitarias e casas de peóns camiñeiros desafectadas, e xuntarse coa consellería de vivenda da Xunta para ofrecer solo público para a construción de vivenda protexida, ademais dunha campaña para facilitar que se anoten familias xóvenes e en idade laboral como demandantes de vivenda protexida.

A falla dunha estratexia municipal de vivenda é moi prexudicial para o noso desenvolvemento polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a solicitar unha reunión urxente coa Conselleira de vivenda da Xunta para ofrecer solo público para a construción de vivenda protexida, como os 2.000m2 de edificabilidade xunto á Galiña Azul e centro cultural de Ponteceso, en pleno casco urbano de Ponteceso.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso á rehabilitación do patrimonio público en desuso municipal, para vivenda asequible: vivendas dos mestres, antigas unitarias e casas de peóns camiñeiros desafectadas, á vez que se promove unha campaña municipal para o aumento das persoas solicitantes de vivenda protexida.

Ponteceso, a 2 de febreiro de 2026 "

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 do BNG) e 1 abstención de APIN-



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ESCO.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno rexeita a moción por cinco votos a favor (cinco: 4 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG), dúas abstencios (dúas: 1 d AxP e 1 de APIN-ESCO) e seis votos en contra (seis: 4 do PP e 2 do PG).

2.2. 3. Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa a un nome para un lugar público dedicado a Pablo Iglesias Posse no centenario do seu nacemento

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta da moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa a un nome para un lugar público adicado a Pablo Iglesias Posse no centenario do seu nacemento

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Pablo Iglesias Posse, nacido en Ferrol o 18 de outubro de 1850, foi un neno galego que, como tantos outros, viuse obrigado a emigrar dunha Galicia caciquil e carente de oportunidades, trala perda do pai, á capital do país, onde as condicións de pobreza nas que se viu a súa nai o levaron a recalar nun hospicio de Madrid, onde aprendería o oficio de caixista de imprenta. Estas adversidades forxarían ao líder obreiro, que chegaría ser un dos galegos máis influentes non só da historia política, democrática e sindical de España, sendo considerado por todo iso o pai do socialismo e do movemento obreiro democrático no noso país, senón tamén recoñecido no ámbito internacional, sendo un dos asinantes da convocatoria ao congreso constituínte da II Internacional (París, 1889), e asistindo aos seus congresos, onde trataría persoalmente cos principais líderes obreiros europeos, grazas ao seu coñecemento do francés, aprendido de xeito autodidacta. Foi obreiro tipógrafo, dirixente sindical e político, fundador do segundo partido socialista máis antigo do mundo, o Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), e da Unión Xeral de Traballadores (UGT).

Tras formarse dende os 19 anos no seo da Federación Rexional Española da Internacional, sendo membro do Consello Federal en 1971, en 1874 é elixido presidente da Asociación Xeral da Arte de Imprimir. O 2 de maio de 1879 impulsa a fundación do PSOE xunto a un reducido grupo de traballadores e intelectuais co obxectivo de representar politicamente ao proletariado e organizalo como clase. Con similar fin crea en 1888 a Unión Xeral de Traballadores (UGT), sindicato de ámbito estatal de inspiración socialista. Con estas dúas organizacións, partido político e sindicato, contribúe a definir por primeira vez en España un modelo moderno de movemento obreiro estruturado, cun partido para a loita política e un sindicato para a loita económica e social.

Un modelo que estende por todo o territorio, tamén pola súa terra natal, Galicia, á que viaxa en numerosas ocasións para difundir e fortalecer o movemento obreiro, a través de campañas de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

divulgación, nas que se promovía a creación de organizacións obreiras e agrarias nas distintas localidades, ademais da constitución de numerosas Agrupacións Socialistas en diversas vilas e cidades.

Viaxa tamén a Galicia con motivo da campaña contra a guerra de Marrocos, o que é un exemplo doutra das súas obsesións, o antibelicismo, como xa o demostrara coa campaña de oposición ás guerras coloniais de Cuba e Filipinas, nas que criticaba que os fillos dos ricos foran eximidos de ir á guerra mediante un pago, afirmando que “ninguén padece tanto a guerra como a clase traballadora”. En todas estas viaxes deixou ao seu paso a súa pegada en locais e lugares emblemáticos de cada municipio, que se encheron para escoitar ao popular líder obreiro.

Profesionalmente, case toda a súa vida virou en torno ao mundo da imprenta e do xornalismo obreiro, colaborando nos órganos de prensa da Internacional, “La Solidaridad”, e no Consello de Redacción de “La Emancipación”, ata que en 1886 fundou e dirixiu El Socialista, semanario que se converteu en ferramenta fundamental de educación política da clase traballadora.

Pablo Iglesias encabezou a primeira manifestación do 1º de Maio en España, en 1890, reclamando a xornada de oito horas e o fin do traballo infantil; participou nos congresos da Segunda Internacional como representante do PSOE, reforzando así o vínculo do socialismo español co internacionalismo obreiro, foi concelleiro no Concello de Madrid en dúas etapas (1906-1910 e 1914-1918) e en 1910 converteuse no primeiro deputado socialista no Congreso dos Deputados, abrindo así unha senda de representación política obreira que será fundamental tanto na Restauración como na Segunda República e a partir de 1978, no actual período democrático, cando o PSOE se converte nun dos principais partidos de goberno de España.

Nas súas intervencións parlamentarias subliñou que o obxectivo do socialismo era poñer fin aos antagonismos sociais e construír unha sociedade baseada na solidariedade humana, facendo sempre fincapé en reivindicacións concretas: a liberdade de asociación, a xornada laboral de oito horas, a separación igrexa estado, o ensino público e laico ou o sufraxio universal como método de acceso da clase traballadora ao poder e que así esta puidese legislar de acordo coas súas necesidades e intereses. Ideas absolutamente vangardistas e adiantadas ao seu tempo na España de finais do século XIX e inicios do XX.

Iglesias concibe aos partidos e sindicatos de clase non só como máquinas electorais ou de protesta, senón tamén como escolas de cidadanía para a clase traballadora, convertendo as sedes do PSOE e da UGT, as Casas do Pobo, en lugares onde se aprendía a ler, a debater e a organizarse colectivamente.

Desde unha perspectiva histórica, poden sinalarse varias contribucións clave de Pablo Iglesias Posse á tradición democrática española, centradas na incorporación organizada da clase traballadora á vida política e á negociación social, algo decisivo para a ampliación sociolóxica da democracia máis aló das elites liberais. A insistencia no sufraxio universal, a liberdade de asociación, a xornada de oito horas, a prohibición do traballo infantil, o descanso semanal e o salario mínimo, como obxectivos centrais da súa acción política e sindical, contribúe a integrar os dereitos laborais na axenda das reformas democráticas vividas en España, incorporándose progresivamente todas elas á nosa lexislación.

Baixo o seu liderado configúrase o socialismo español con rasgos específicos e distintivos, caracterizado por unha acción fortemente obreira, disciplinada, moi organizada, internacionalista e á vez centrada en conquistas democráticas graduais. Pablo Iglesias Posse, en resumo, contribuíu decisivamente a ligar desde a esquerda e o movemento obreiro a idea de democracia non só ás liberdades formais, senón tamén aos dereitos sociais, ao laicismo e á participación dos traballadores/as nas institucións. Esa tradición, coas súas continuidades e rupturas, seguirá sendo unha referencia non só para o socialismo, senón para o conxunto do movemento obreiro e da esquerda democrática en España.

Influenciado polos movementos feministas socialistas franceses e alemáns, non se pode esquecer



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

tampouco a súa defensa do papel da muller como suxeito político, o que ten especial relevancia no contexto no que o fixo, nunha sociedade eminentemente patriarcal, contribuíndo así a estender no noso país o ideal da emancipación da muller. Defendeu un sistema político máis inclusivo, no que os traballadores dun e doutro sexo puideran acceder á formación, con sufraxio universal, no que houbera igualdade de salario sen distinción de sexo, a eliminación das barreiras que a sociedade da época impoñía para o exercicio das actividades profesionais ou a reforma da Lei Dato de 1900, que se logrou tras presentar unha proposta a través do Instituto de Reformas Sociais, que finalmente foi aprobada polo Parlamento, garantindo para as mulleres máis dereitos e protección durante a lactación e o embarazo. Como mostra desta sensibilidade cómpre lembrar o episodio no que se contestou dende El Socialista a unha publicación do xornal pontevedrés “La Unión”, indicándolles que as organizacións deberían admitir ás mulleres “con iguais dereitos e deberes que o home”.

A importancia transcendental da súa figura queda patente, ademais de na multitude de eventos que protagonizou en vida, tamén na multitudinaria despedida e honras que recibiu con motivo do seu falecemento, o 9 de decembro de 1925, hai agora cen anos, sendo arroupado por milleiros de persoas chegadas de todos os puntos de España que velaron o seu corpo durante varios días, acompañándoo unha gran multitude ata o seu repouso definitivo no Cemiterio Civil de Madrid. Recoñecemento que proseguiu nos anos posteriores, entre outras cousas, dedicándolle monumentos e dándolle o seu nome a rúas e diversos espazos públicos de multitude de cidades e pobos de España, a inmensa maioría deles eliminados dos rueiros deses concellos tralo golpe de estado de 1936 e a posterior ditadura franquista, que no seu intento por falsear a historia de España, pretendeu borrar e que se esquecese tamén o extraordinario legado social e político dun galego ilustre, como foi Pablo Iglesias Posse.

Trala restauración da democracia en 1978, moitos deses concellos recuperaron ou incorporaron o nome de Pablo Iglesias ao seu rueiro municipal, pero en moitos outros aínda segue pendente este exercicio de memoria democrática e de xustiza cun dos políticos e pensadores máis relevantes da historia de España, da boa historia, a da democracia e a liberdade; este é o caso do noso concello.

En 2025 conmemoramos o 175 aniversario do nacemento de Pablo Iglesias, o centenario do seu pasamento e os 50 anos de España en liberdade, efemérides todas elas acaídas para que esta corporación salve esa débeda cun dos pais da política democrática do noso país e lle dea o seu nome a unha rúa ou espazo público.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ponteceso presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN A Corporación Municipal de Ponteceso acorda darlle o nome de Pablo Iglesias Posse a unha rúa ou espazo público da nosa cidade que se acorde entre os diferentes grupos que a conforman; como exercicio de reparación, xustiza, recoñecemento e agradecemento público ao traballo dun galego imprescindible para entender a historia política e democrática de España.

Ponteceso , a 2 de febreiro de 2026."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 do BNG) e 1 abstención de APIN-ESCO.

O presidente abre o debate.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital: 2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno rexeita a moción por cinco votos a favor (cinco: 4 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG), dúas abstencios (dúas: 1 d AxP e 1 de APIN-ESCO) e seis votos en contra (seis: 4 do PP e 2 do PG).

2.2.4 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á solicitude á Consellería de Educación dun plan de investimentos nos centros públicos de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta da moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á solicitude á Consellería de Educación dun plan de investimentos nos centros públicos de Ponteceso.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros públicos de Ponteceso viron mellorada a súa accesibilidade nos oito anos de gobernos de esquerda en Ponteceso, tanto polos investimentos do Concello como por unha activa política de demandas á consellería de educación.

Temos pedido xa apoio para a implantación dun ciclo formativo de grado superior que permita ao alumnado do grado medio sociosanitario continuar a súa formación no IES Ponteceso.

Agora os centros públicos esmorecen, recentemente se manifestaron no IES Ponteceso polas aulas inutilizadas polas pingueiras dun tellado deficiente, non se completou o aillamento térmico dos edificios e hai numerosas carencias, o que tamén pasa no Ceip Eduardo Pondal, cuns baños moi antigos e unha necesidade de reforma case integral. Polo que respecta ao Cra, as carencias son manifestas, e pese a que destaca con novas iniciativas coma o comedor, carece dun parque en condicións para os nenos e nenas anotados a esa actividade, polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a solicitar unha reunión urxente co Conselleiro de educación da Xunta para conseguir, para este verán, un plan de investimentos para os centros públicos de Ponteceso.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Consellería de Educación a autorizar a implantación dun ciclo formativo de grado superior que permita ao alumnado do grado medio sociosanitario continuar a súa formación no IES Ponteceso.

Ponteceso , a 2 de febreiro de 2026."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Concello Pleno incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por unanimidade de votos a favor (trece: 4 do PP, 4 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital: 2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por unanimidade de votos a favor (trece: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

2.3 Pregos e preguntas

Neste momento auséntase o concelleiro do PG Juan Ramón Vidal Torrado

2.3.1 Preguntas do grupo APIN-ESCO

2.3.1.1 Pregunta sobre o programa para que a oposición poida ver as resolucións.

2.3.1.2 Pregunta por que non está rematado o aparcamento de detrás do supermercado Día.

2.3.1.3 Pregunta cando se van recoller os refugallos que o grupo de goberno denuncia nas redes sociais.

2.3.2 Preguntas e pregos do grupo PSdeG-PSOE

2.3.2.1 Comunica que vai retirar a primeira pregunta porque xa se tratou antes o tema do abastecemento e saneamento na Bouza

2.3.2.2 Pregunta se este ano se vai celebrar a festa marisqueira en Semana Santa.

2.3.2.3 Pregunta se o alcalde fixo xestións para financiar a actualización do plan xeral.

2.3.3 Pregos do grupo APIN-ESCO

2.3.3.1 Prega que as listaxes das facturas detallen ben o conceptos

2.3.3.2 Prega que as sesións plenarias ordinarias se celebren na data que lles toca celebrarse.

2.3.3.3 Pide que non se quiten os comentarios dalgunhas persoas das publicacións do Concello nas redes sociais

2.3.4 Pregos do grupo BNG

2.3.4.1 Prega que o grupo de goberno elabore un programa de atracción turística en Semana Santa pero que ese programa non repita actividades de programas anteriores.

2.3.5 Pregos do PSdeG-PSOE

2.3.5.1 Prega colaboración para que o MELGA siga sendo un éxito en atracción turística senón para que tamén consiga algunha distinción.

2.3.5.2 Prega que se coide a praza do Recheo e que se amañe a iluminación pública da ponte de Ponteceso.

2.3.5.3 Prega que se amañe o que está en mal estado nas parroquias.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
2f1c8a469351c6ff17126d20b194ff76b300d884bcadd56518ce3be11e6603e8

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 21:11 h e eu redacto esta acta como secretario en acumulación. Dou fe.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.